

BASES DO CLUB DE DEBATE

*O certame de debate é unha iniciativa promovida polos Servizos de Normalización Lingüística dos concellos de **Ames, Betanzos, Carballo, Carral, A Coruña, Ferrol, As Pontes, Pontevedra, Oleiros, Rois, Santiago de Compostela, Teo e Vigo.***

Obxectivos

- *Favorecer o emprego da lingua galega na mocidade, especialmente o uso oral en contextos formais e informais.*
- *Traballar no afondamento e no coñecemento dunha das habilidades sociais máis importante: a fluidez comunicativa, ligada á oratoria.*
- *Incitar o pensamento crítico e analítico sobre temas de actualidade, deixando de lado os estereotipos da mocidade en canto intereses e preferencias.*
- *Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia fronte a diferentes cuestións e o traballo en equipo.*

Quen pode participar e como?

No certame poderán participar **todos os centros de educación secundaria, bacharelato e ciclos dos concellos de Ames, Rois, Santiago de Compostela e Teo** con alumnado matriculado en 3º e 4º de ESO, 1º de Bacharelato ou nun curso equivalente de ciclos formativos, nunca maiores de 18 anos. Para se inscribiren deben dirixirse ao Servizo de Normalización Lingüística do seu concello.

En que consiste o debate?

O debate consiste na **defensa de dúas posicións enfrontadas por parte de dous equipos** sobre o tema indicado nestas bases. A postura que defende cada equipo decidirase mediante un **sorteo previo**. Os debates celebraranse, na súa fase comarcal, o sábado 14 de abril de 2012, serán abertos ao público e estarán coordinados por un xurado, que ademais de moderar terá a función de dirimir as cuestións de orde que poidan xurdir.

Os **equipos de traballo** estarán formados por un **número mínimo de catro persoas e un máximo de dez**. Porén, do equipo de traballo, **só poderán participar catro persoas en cada debate** (equipo de debate), que se identificarán ante o xurado coa antelación que indique a organización. Destas catro persoas dúas dedicaranse á investigación (investigadoras) e outras dúas serán as encargadas de defender os argumentos (oradoras). O resto do equipo poderá darlles apoio.

Composición dos equipos

O equipo de traballo estará composto por un mínimo de catro membros e un máximo de dez, e o/a preparador/a. Inscribírase o equipo de traballo completo. É requisito indispensable que os equipos sexan mixtos. O equipo representa o centro e por iso deberá estar formado por alumnado matriculado nel, en 3º/4º de ESO e/ou 1º de bacharelato ou nun curso equivalente de ciclos formativos. Non poderá participar alumnado maior de 18 anos, nacido en 1993 nin en anos anteriores.

Cada equipo deberá contar **cun preparador ou preparadora** que será a persoa encargada do acompañamento e adestramento dos participantes nas actividades incluídas na programación do Club de debate e que, ao mesmo tempo, exercerá as funcións de asesoramento e representación do equipo.



Estrutura do debate

Cada debate terá unha duración de 36 minutos distribuídos en quendas alternas de 5 e 3 minutos de **exposición inicial, quendas de refutacións e exposición de conclusións**. Os equipos recibirán información detallada e precisa sobre o desenvolvemento e estrutura do debate unha vez que se inscriban.

Idioma

O idioma durante os debates será o **galego e a calidade lingüística será un dos elementos de especial relevancia** para o xurado.

Xurado

Os membros do/s xurado/s serán designados pola organización e as súas decisión serán inapelables.

Fases do certame

O certame de debate consta de dúas fases: **fase comarcal e fase final**. Se un concello o considera oportuno ou necesario poderá realizar unha fase local previa de clasificación.

FASE COMARCAL

Onde e cando?

Celebrarase en **Santiago de Compostela** o **sábado 14 de abril de 2012**.

Equipos participantes e sistema de competición

Nesta fase poderán participar un **máximo de 8 equipos**. O sistema de competición regularase en función do número de equipos participantes e poderá realizarse por emparellamentos eliminatorios directos ou mediante un sistema de puntuación entre os equipos que se enfronten. Os emparellamentos ou grupos e a decisión de intervir defendendo unha ou outra posición do tema proposto decidiranse por sorteo. **O equipo gañador da fase comarcal pasará á final.**

Curso de formación

O sábado 8 de marzo terá lugar no Pazo da Peregrina de Bertamiráns (Ames), en horario de mañá, un **curso de formación en técnicas de expresión e comunicación, debate e rol**, para os equipos participantes xunto cos seus preparadores e preparadoras. O curso levarase a cabo a través dunha metodoloxía activa e participativa, procurando adaptarse ás necesidades de cada equipo e fomentando a cooperación, a interacción positiva, a distensión e a confianza no grupo a través de **actividades prácticas e partindo dunha perspectiva lúdica**. Ademais, neste curso, detallarase o funcionamento do debate na súa fase comarcal: normas, estrutura das intervencións...

Tema

O tema seleccionado para o debate é o que figura no encabezado desta folla:

“Deben os poderes públicos protexer e promover a diversidade lingüística?”

Premios

Na fase comarcal establécense dous premios. **Un primeiro premio valorado en 500 euros** e un **segundo premio valorado en 300 euros**. Ademais, o equipo gañador terá acceso á **fase final**.

FASE FINAL

Onde e cando?

Esta fase final desenvolverase en **Pontevedra o 28 de abril de 2012**.

Equipos participantes e sistema de competición

Na fase final participará **un equipo por cada comarca**. O sistema de competición regularase en función dos equipos participantes e poderá realizarse por emparellamentos eliminatorios directos ou mediante un sistema de puntuación entre os equipos que se enfronten nun mesmo grupo. Os emparellamentos ou grupos e a decisión de intervir nunha ou noutra posición do tema proposto decidiranse por sorteo.

Tema

Os temas de debate seleccionaraos a organización e incluíranse no regulamento da competición.

Premios

O premio para o equipo gañador será **unha viaxe de contido cultural para un máximo de 25 participantes valorada en 5000 euros**.

Calendario

6 de febreiro	Inicio do prazo de inscrición dos equipos participantes no SNL do concello de referencia.
24 de febreiro	Remate do prazo de inscrición.
1 de marzo	Difusión da listaxe de equipos participantes.
8 de marzo	Curso de formación para os equipos participantes. Terá lugar no Pazo da Peregrina de Bertamiráns (Ames) en horario de mañá.
<i>Por determinar</i>	Fases locais
14 de abril	FASE COMARCAL en Santiago de Compostela.
28 de abril	FASE FINAL en Pontevedra.

Información, contacto e inscrición

Concello de Ames	981 884 991 normalizacion@concellodeames.org
Concello de Rois	981 804 109 normalizacion.linguistica@rois.dicoruna.es
Concello de Santiago de Compostela	981 542 409 dlg@santiagodecompostela.org
Concello de Teo	981 815 700 politicalinguistica@concellodeteo.com



*Concello de Ames
Concello de Carral
Concello de Oleiros
Concello de Rois
Concello de Vigo*

*Concello de Betanzos
Concello da Coruña
Concello das Pontes
Concello de Santiago de Compostela*

*Concello de Carballo
Concello de Ferrol
Concello de Pontevedra
Concello de Teo*